A FENDA DIXITAL:
TIC, NEAE,
Inclusión e Equidade

//

A FENDA DIGITAL:
TIC, NEE,
Inclusão e Equidade



PAULA FRASSINETTI
Escola Superior de Educação





Universida de Vigo





PAULA FRASSINETTI
Escola Superior de Educação





FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN







A Fenda Digital apresenta-se como um espaço de encontro internacional que promove um debate pertinente e sério sobre o estado atual das TIC nos diferentes/diversos contextos educativos. A partir de diferentes temáticas - *Intervención sociocomunitaria e proxectos educativos con TIC; Recursos dixitais en contextos educativos; Experiencias educativas de atención ás neae e nee con TIC; Metodoloxías innovadoras con TIC para a atención á diversidade, inclusión e equidade* - , são analisadas questões epistemológicas, questões pedagógicas, questões tecnológicas, questões axiológicas, situando os participantes num diálogo complexo e comprometido, de diferentes níveis de ensino, no caso da educação escolar, mas também do contexto sociocomunitário, de diferentes áreas de saber que enriquecem a perspetiva e a visão sobre a realidade, dando “forma” a uma educação que promove a equidade.

FICHA TÉCNICA

Título **A FENDA DIXITAL:** TIC, NEAE, Inclusión e Equidade
A FENDA DIGITAL: TIC, NEE, Inclusão e Equidade
Editora **Escola Superior de Educação de Paula Frassinetti**
Organização Daniela Gonçalves
Jennifer Fernández Rodríguez
Mº Montserrat Castro Rodríguez
María Carmen Ricoy Lorenzo
Xesús Rodríguez Rodríguez
Xosé Manuel Cid Fernández
ISBN 978-989-99984-1-4

Gonçalves, D., Fernández Rodríguez, J., Castro Rodríguez, M. Montserrat, Ricoy Lorenzo, M. C., Rodríguez Rodríguez, J., Cid Fernández, X. M. (2018). *A Fenda Dixital: TIC, NEAE, Inclusión e Equidade/A Fenda Digital: TIC, NEE, Inclusão e Equidade*. Porto: Escola Superior de Educação Paula Frassinetti.

DESIGUALDADES E INTERNET: AS COMUNIDADES EDUCATIVAS DA AMAZONÍA SUR ECUATORIANA

Saleta de Salvador Agra – Universidade de Vigo
Yolanda Martínez Suárez – Universitat Autònoma de Barcelona
Xabier de Salvador González – Universidade da Coruña

Introdución

Nos anos 80, o Informe MacBride, *Many voices, one world* (1980) vaticinou que, desde entón, salvo para "uns cantos grupos de zonas de acceso particularmente difícil", o illamento comunicativo xa non sería posible. A carreira comunicativa dos satélites que despuntaban na época, e a mellora das telecomunicacións, apuntaban a un rápido incremento da poboación comunicada no ámbito global e auguraban unha menor desigualdade no reparto. Certamente, o informe aínda non aludía ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), a Internet ou á telefonía móbil, o que necesariamente motivou unha actualización das súas teses e a formulación de novas proclamas utópicas sobre a democratización da información e da comunicación nun mundo cada vez máis interconectado na súa *glocalidade*. Neste novo contexto comunicativo, as asimetrías ante as tecnoloxías son unha nova cara a das desigualdades no ámbito global que, en certas latitudes, seguen presentando, no ámbito local, unha converxencia de desconexións onde as fendas interactúan, "é dicir, que hai unha transversalidade entre elas pero non como efecto sumativo, senón multiplicativo" (Martínez & De Salvador, 2015, p. 104). Tal é o noso caso de estudo: a Amazonía sur ecuatoriana (De Salvador & Martínez, 2015a, 2015b; Martínez & De Salvador, 2015a, 2015b e 2015c).

Na citada década dos anos oitenta, consolidáronse unha serie de programas de educación intercultural bilingüe (EIB) no Ecuador, así como noutros países latinoamericanos (Bolivia, Colombia), que se ensaiaran décadas atrás. A esixencia dunha ensinanza en lingua ancestral foi, e segue a ser, un dos eixos do movemento indíxena, xunto coa defensa da terra comunitaria (Bretón e del Olmo, 1999). O primeiro bastión, a ensinanza en linguas orixinarias, fortaleceuse no país andino desde os anos trinta coas experiencias pioneiras das escolas indíxenas de Dolores Cacuango, en Cayambe. O seu obxectivo era a alfabetización en kichwa coma o principal instrumento de emancipación para a poboación indíxena. Ata a institucionalización do movemento, nos anos oitenta, sucedéronse novas iniciativas, como o Instituto Lingüístico de Verano (ILV) e a Misión Andina en Chimborazo nos anos cincuenta, as Escolas Radiofónicas Populares del Ecuador (ERPE) nos anos sesenta, con Monseñor Proaño á cabeza na defensa da ensinanza en kichwa, ou nos anos setenta iniciativas tales coma o Sistema radiofónico Shuar (SERBISH), as Escolas Bilingües da Federación de Comunas "Unión de Nativos de la Amazonía ecuatoriana" (FCUNHAE) ou o Subprograma de alfabetización kichwa promovido pola PUCE, e que se consolidou no Colegio Nacional Macac, na década dos oitenta. Posteriormente, destacan o proxecto de Educación Bilingüe Intercultural coa Universidad de Cuenca e os sucesivos convenios coa Confederación de Nacionalidades Indígenas de la Amazonía Ecuatoriana (CONFENAIE), a Confederación de Nacionalidades Indígenas del Ecuador (CONAIE) etc. (Conejo, 2008).

En resumo, i) a reclamación dun sistema de ensinanza público que inclúa as linguas indíxenas e os coñecementos ancestrais, isto é: a democratización da educación e ii) a democratización da comunicación, conflúen na implantación das TIC nos centros educativos das zonas de forte presenza indíxena. Na medida en que estas poderán constituír unha ferramenta de loita contra as desigualdades de todo tipo, o goberno de Rafael Correa, consciente da importancia deste instrumento para o desenvolvemento do *Sumak Kawsay* (ou "Buen Vivir") elévaas a unha meta (a número 4.4) de maneira explícita no *Pan Nacional del Buen Vivir* (2013-2017). Concretamente

global, para os estudantes e para a comunidade educativa externa, pero non para os docentes. Preséntase unha fenda de xénero no ámbito global e para os estudantes, pero non para a comunidade educativa externa e docentes e, finalmente, localízase unha fenda lingüística no ámbito global e para os tres sectores, incluídos os docentes. Este último caso é o único dos estudados no cal os docentes sofren unha fenda, concretamente a lingüística nos usos das redes sociais.

Referencias bibliográficas

Bretón Solo de Zaldívar, V. & e Del Olmo Carmen, G. (diciembre, 1999). Educación Bilingüe e Interculturalidad en o Ecuador: Algunhas Reflexiones Criticas. Boletín RIMAI., 1 (9). Dispoñible en http://icci.nativeweb.org/boletin/dic99/breton.html

Conejo Arelano, A. (noviembre, 2008). Educación Intercultural Bilingüe en Ecuador. La propuesta educativa e su proceso. *Comunicación e Sociedad*, 64-82. Dispoñible en https://dspace.ups.edu.ec/bitstream/123456789/8090/1/Educaci%C3%B3n%20intercultural%20biling%C3%BCe%20en%20el%20Ecuador.pdf

De Salvador Agra, S. & Martínez Suárez, Y. (2015a). Tecnologias caracol e culturas nas mobilidades: comunicação móvel e identidades no tempo e espaço Shuar. Comunicaçao e Sociedade, 28, 309-321. doi http://dx.doi.org/10.17231/comsoc.28(2015).2283

De Salvador Agra, S. & Martínez Suárez, Y. (2015b). Nomadism and Intermittent Ubiquity in 'Off the Grid' Shuar People. Communication & Society, 28 (4), 87-105. Dispoñible en http://www.unhav.es/fcom/communication-society/es/resumen.php?art_id=549

De Salvador Agra, S. & Martínez Suárez, Y. (2015c). Apropiaciones comunitarias del teléfono móbil en os indíxenas shuar. *Revista Internacional de Comunicación e Desarrollo*, *1*(1), 41-49. Dispoñible en http://www.usc.es/revistas/index.php/ricd/article/view/2178/2461

Martínez Suárez, Y., De Salvador Agra, S. & Salvador González, X. (2015). Triplemente marcadas: desconexiones comunicativas en la Amazonía sur ecuatoriana. *Cuadernos.info.*, 36, 89-107, Dispoñible en: http://www.cuadernos.info/index.php/CDI/article/view/716/pdf

Martínez Suárez, Y. & De Salvador Agra, S. (2015a). Objetos nómadas digitales: caso de estudio las comunidades shuar ecuatorianas. *Comunicaçao, midia e consumo*, *12*(33), 73-91. Dispoñible en http://revistacmc.espm.br/index.php/revistacmc/article/view/889

Martínez Suárez, Y. e De Salvador Agra, S. (2015b). El derecho a la comunicación desde a etnia y el género: acceso y la participación indígena en el Sur de Ecuador. In J. M. Gómez e Méndez, S. Méndez Muros, N. García Estévez & M. J. Cartes Barroso (Eds.), *Derechos Humanos Emergentes e Periodismo* (pp. 492- 504). Sevilla: Equipo de Investigación de Análisis e Técnica de a Información.

MacBride, S. (Ed.). (1980). *Un solo mundo, voces múltiples.* México: Fondo de Cultura Económica. Dispoñible en http://unesdoc.unesco. org/images/0004/000400/040066sb.pdf

Ministerio de Telecomunicaciones e de a Sociedad de a Información. Gobierno de Ecuador (2015). Proyecto Aboratorios TIC e Conectividad en Instituciones Educativas Fiscales a Nivel Nacional. Quito: Dirección de Acceso Universal.

Bilbao-Osorio, B., Dutta, S. & Lanvin, B. (Eds.). (2014). *The Global Information Technology Report 2014. Rewards and Risks of Big Data.* Geneva: World Economic Forum and INSEAD. Dispoñible en http://www3.weforum.org/docs/WEF_GlobalInformationTechnology_Report_2014.pdf